

1 Station: sadms

- **SADMS** encárgase de manexar tódolos ficheiros de configuración de Ubuntu, para lograr integrar un equipo GNU/Linux como unha estación de traballo dun dominio baseado no **Active Directory de Windows**. De xeito que:
 - ◆ Os equipos de GNU/Linux convértense en equipos do dominio de Windows.
 - ◆ Os usuarios de Windows poden iniciar sesión nos equipos GNU/Linux.
 - ◆ Os usuarios de Windows van poder acceder ós mesmos recursos e coas mesmas restricións que se estiveran nunha estación de traballo de MS Windows (2000, XP, Windows 7).



- O equipo GNU/Linux, como membro dun dominio, vai poder:
 - ◆ Ofrecer recursos compartidos para os demais membros do dominio.
 - ◆ Centralizar a validación de usuarios no servidor, de xeito que non hai que dar de alta usuarios no equipo para que este poida ser accedido dende outras estacións.
- SADMS, encárgase de configurar o seguinte:
 - ◆ Para obter os usuarios do servidor:
 - ◇ Kerberos
 - ◇ Winbind
 - ◇ Samba
 - ◇ Name Switch Service, (nsswitch.conf)
 - ◆ Para poder iniciar sesión no propio equipo
 - ◇ PAM
 - ◇ Sincronización de reloxos
 - ◇ Que cada usuario se conecte, automaticamente, ós recursos compartidos do servidor.
 - ◆ Ademais vai permitir:
 - ◇ Compartir carpetas
 - ◇ Configurar o inicio dos servizos necesarios
 - ◇ Manexar as ACLs.